Expediente	808/2026
Trámite	RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E ACTA DE BAREMACIÓN DEFINITIVA DE MÉRITOS (FASE DE CONCURSO) – ASESOR/A XURÍDICO/A

No salón de Plenos da Casa Consitorial do Concello de Meis, sendo as 08:30 horas do día 10 de xullo de 2026, reúnense os membros do Tribunal Cualificador designado para o proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de persoal laboral temporal na categoría de asesor/a xurídico/a, mediante concurso, como consecuencia da excedencia voluntaria da persoa que actualmente desempeñaba o posto, así como a constitución dunha bolsa de emprego.

Estando presentes:

Presidenta (Titular)	María Gómez García, Secretaria-Interventora do Concello de A Lama
Secretario (Titular)	Roberto Carrodeguas Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis
Vogal (Titular)	María del Carmen Carracelas Rosales, Secretaria-Interventora do Concello de Portas
Vogal (Titular)	María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis
Vogal (Titular)	Daniel Rubio Pérez, Arquitecto do Concello de Meis

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Presidencia declara validamente constituído o Tribunal Cualificador e aberta a sesión, procedéndose seguidamente á realización das seguintes actuacións:

PRIMEIRO.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DA PUNTUACIÓN DEFINITIVA NA BAREMACIÓN DA FASE DE CONCURSO.

Examinadas as alegacións presentadas dentro do prazo establecido polas persoas aspirantes e revisada a documentación achegada, o Tribunal adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Respecto das alegacións formuladas por D. PABLO RODRIGO NOGUEIRA GONZALEZ (Rexistro de entrada número 2026-E-RE-1077, de data 09/07/2026), na que solicita que se valore a experiencia profesional aportando certificado de servizos prestados do último contrato reflexado no informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, o Tribunal acorda a súa **estimación** por considerala documentación acreditativa suficiente da experiencia profesional alegada, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria.

En consecuencia, procédese á valoración da experiencia profesional acreditada nos termos previstos no baremo aplicable, modificándose a puntuación inicialmente outorgada e incorporándose a correspondente puntuación á valoración definitiva da fase de concurso.

Segundo.- Respecto das alegacións formuladas por D.ª LAURA ENTENZA MARTINEZ (Rexistro de entrada número 2026-E-RE-1080, de data 09/07/2026), na que solicita que se valore a experiencia profesional aportando certificado de servizos prestados do último contrato reflexado no informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, o Tribunal acorda a súa **estimación** por considerala documentación acreditativa suficiente da experiencia profesional alegada, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria.

En consecuencia, procédese á valoración da experiencia profesional acreditada nos termos previstos no baremo aplicable, modificándose a puntuación inicialmente

ROBERTO CARRODEGUAS MÉNDEZ (1 para 5)
Secretario-interventor adxunto (Decreto 2022-0177)
Data de Sinatura: 10/07/2026
HASH: ee3fb06792c49ac114533ab84843d20c

MARÍA GÓMEZ GARCÍA (2 para 5)
Secretaria-interventora
Data de Sinatura: 10/07/2026
HASH: 30cd991a892d66e6b80dadbda9f513fb

CARRACELAS ROSALES, MARIA DEL CARMEN (3 para 5)
Terceiro
Data de Sinatura: 10/07/2026
HASH: 15234119fc81377473e4f64e65cfbbe6

Cod. Validación: 9FHHGF5QWCJ4EC3QHG35GLTWA
Corrección: https://meis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

María del Carmen Rey Romero (4 para 5)
Técnico AEDL
Data de Sinatura: 10/07/2026
HASH: e6d735c82a616ccb85d10f65d5cac33f

DANIEL ALEJANDRO RUBIO PÉREZ (5 para 5)
Arquitecto
Data de Sinatura: 10/07/2026
HASH: 2316af6360c76dd31e4b9c097738b6733

outorgada e incorporándose a correspondente puntuación á valoración definitiva da fase de concurso.

Terceiro.- Unha vez resoltas as alegacións presentadas, procédese as modificacións correspondentes na valoración dos méritos. A estes efectos, o Tribunal acorda aprobar as puntuacións definitivas da fase de concurso, que quedan do seguinte xeito:

Praza de persoal laboral temporal por vacante na categoría Asesor/a Xurídico/a
FASE DE CONCURSO

NIF	Nome completo / Rexistro	Puntuación por servizos prestados	Puntuación por titulación adicional	Puntuación por cursos de formación	Puntuación total
***5816**	PIÑEIRO GONDAR BEATRIZ	60,00	0,00	30,00	**90,00**
***1742**	RIVEIRO ÁLVAREZ RAFAEL	60,00	0,00	30,00	**90,00**
***3149**	SÁNCHEZ DEL CUETO LOSADA ESTHER	39,25	0,00	30,00	**69,25**
***1285**	ROIS MÉNDEZ MARÍA JOSÉ	36,50	0,00	30,00	**66,50**
***1127**	ENTENZA MARTÍNEZ LAURA	20,50	0,00	30,00	**50,50**
***4154**	NOGUEIRA GONZÁLEZ PABLO RODRIGO	6,00	10,00	30,00	**46,00**
***6257**	GARCÍA-MON BARREIRO MARÍA DEL PILAR	14,75	0,00	6,50	**21,25**
***0510**	RIVERO GARCÍA MARÍA LUISA	0,00	0,00	14,90	**14,90**
***4655**	GARRIDO MUÑOZ MARÍA ISABEL	9,00	0,00	5,00	**14,00**
***9140**	OUTEDA RIVAS RITA	0,00	0,00	8,50	**8,50**
***4732**	DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ RICARDO	0,00	0,00	5,00	**5,00**

SEGUNDO.- EMPATE DE PUNTUACIÓN E CONVOCATORIA PARA O ACTO DE DESEMPATE.

Rematada a valoración das persoas aspirantes, o Tribunal constata que Dª. PIÑEIRO GONDAR, BEATRIZ e D. RIVEIRO ÁLVAREZ, RAFAEL obtiveron a mesma puntuación total, producíndose un empate na clasificación.

De conformidade co establecido na Base 11 das bases reguladoras do proceso selectivo, procede a resolución do empate mediante a aplicación dos criterios de desempate previstos na citada base:

- Primeiro: a favor da persoa aspirante que obtivese a maior puntuación na fase de concurso no apartado A (experiencia profesional).
- Segundo: de persistir o empate, a favor da persoa aspirante que obtivese a maior puntuación na fase de concurso no apartado B.2 (cursos de formación ou perfeccionamento).
- Terceiro: de persistir o empate, efectuarase un sorteo público.

Á vista do exposto, o Tribunal **ACORDA:**

Primeiro.- Convocar a Dª. PIÑEIRO GONDAR, BEATRIZ e a D. RIVEIRO ÁLVAREZ,

Cod. Validación: 9FHHGF5QWCJ4EC3QHG35GLTWA
Corrección: https://meis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

RAFAEL ao acto de desempate, que terá lugar o martes, 14 de xullo, ás 11:00 horas, nas oficinas do Concello de Meis, sitas na Avenida de Cambados, 67, O Mosteiro (Meis), onde se procederá á realización do sorteo público previsto na Base 11 das bases reguladoras.

Segundo.- Publicar a presente acta no taboleiro da anuncios da Sede electrónica do concello [https://meis.sedelectronica.gal], para os efectos de notificación ás persoas interesadas.

Nos casos nos que nesta acta utilízanse substantivos de xénero gramatical masculino para referirse a persoas, cargos ou postos de traballo, debe entenderse que se fai por mera economía na expresión, e que se utilizan de forma xenérica con independencia do sexo das persoas aludidas ou dos titulares dos devanditos cargos, con estrita igualdade en canto a efectos xurídicos.

E non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as nove horas e dez minutos do venres, día dez de xullo de dous mil vinte e seis, a señora Presidenta dá por concluída a reunión do Tribunal Cualificador, levantando a sesión. Para a súa constancia, expídese a presente acta, coa conformidade de todos os membros do Tribunal, da que como Secretario dou fe, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Cod. Validación: 9FHHGF5QWCJ4EC3QHG35GLTWA
Corrección: https://meis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3